

## A emigración na Terra Cha

*"Na Terra Cha todo é puro, elemental.  
Homes silandeiros que non teñen  
nun siquer palabras pra cantar  
i emigran tristeiros e calados  
levando a outras terras o silencio  
que lles deu a súa terra fatalmente".*

(Manuel María)

Manuel Roca Cendán

Uns versos de Manuel María, chairego por nación e devoción, son un bon xeito de comezar un traballo periodístico encol da emigración na Terra Cha neste ano no que saiu unha nova edición de: "Terra Cha", o libro inacabado e sempre incompleto do poeta de Outeiro de Rei; a él pertenece este fragmento do poema: "Pranto pola Terra Cha".

Moitos milleiros de homes emigraron desta bisbarra galega ó longo da historia, por non poder asegurar nela a satisfacción das necesidades más elementais. Moitos barcos, trenes, autobuses e avións leváron a estes homes, "tristeiros e calados", na percura dunhas melloras condicións de traballo ou simplemente dun traballo que a súa terra lle negaba.

Cómpre non esquenecer que a causa básica da emigración é o desequilibrio entre a poboación existente e os postos de traballo que o sistema económico xenera; cando a excesiva demanda de postos de traballo non é cuberta pola oferta que o aparello productivo fai dos mesmos salta a espita da emigración para corregir ese desequilibrio; a emigración ven ser, no ciclo demográfico moderno, a sustituta das mortalidades catastróficas do ciclo demográfico antigo (pe. tes, guerras e fame).

Non é preciso ser un gran especialista no tema para se decatar de que a Terra Cha non ten unha estrutura económica avanzada de abondo como para que os seus habitantes non teñan que botar man, temporal ou permanentemente da vólvida migratoria, xa sexa alén das fronteiras estatais ou dentro das mesmas.

Pero cando falamos da Terra Cha ¿de qué andamos a falar? Cómprase, de partida, facer unha primeira precisión terminolóxica, porque existen diferentes delimitacións da mesma —de Otero Pedrayo, de López Andión, do Ministerio de Agricultura, etc.—. E non se pode extrañarse moito, tendo en conta que ó longo da historia da organización administrativa de Galicia a parroquia e a comarca non existiron como unidades administrativas reconhecidas. Será por iso que a Terra Cha pertence a tres partidos xudiciais distintos (Mondoñedo, Lugo e Vilalba) e que os límites dos concellos que a forman non coinciden cos da Terra Cha como tal.

Eu referireime á Terra Cha como a bisbarra integrada polos dez municipios seguintes: Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Xermade, Guitiriz, Outeiro de Rei, A Pastoriza, Rábade, Vilalba. Xa que logo, aproxímanse á caracterización do xeógrafo chairego López Andión, anque sen ter en conta a inclusión dalgúnhas parroquias doutros dous concellos citados —Abadín e A Pastoriza—; a razón é que os datos estadísticos que utilizarei non figuram a nivel de parroquia. De feito, bon traballo costa nalgún caso contar os datos por concellos que logo nos permitan, por agregación, teños datos a nivel chairego e suplí-la falla de información

estadística existente por comarcas.

### A emigración de 1860 a 1960

A poboación galega do Antigo Rexime era moi dinámica, e Galicia tiña entón una densidade moi por riba da media estatal; ese dinamismo seguiu até mediados do século XIX, pero logo Galicia comezou a perder importancia demográfica e xa no período 1860-1910 medrou a un ritmo que foi só a mitade do do conxunto español. Na explicación deste fenómeno é un punto básico, por suposto, o forte movemento emigratorio de Galicia nese tempo.

A emigración non era un fenómeno novo para Galicia, pero foi especialmente intensa dende 1860 e presenta unhas notas diferenciadoras no período 1860-1960. Neste século, segundo a caracterización de Ramón Villares, destacan *tres características* no movemento migratorio:

1.º A emigración está organizada e regulada polo Estado.

2.º O destino fundamental dos emigrantes foi América Latina—destacando especialmente Cuba, Arxentina e Brasil—.

3.º Foi unha emigración masiva e con carácter maioritariamente definitivo.

A emigración galega neta nese século, foi de case un millón de persoas; obviamente, a Terra Cha non escapou a este forte fenómeno migratorio. Francisco Sánchez López estudiou nos anos 60 a incidencia dos movementos migratorios de 1900 a 1963 nos diferentes concellos de Galicia, e destacou como zona menos migratoria na provincia de Lugo "la zona centro, que se inicia en Abadín e desciende por Vilalba, Outeiro de Rei, Castro de Rei, Cospeito y Lugo"; tres concellos da Terra Cha —Vilalba, Abadín e Xermade— están entre os dez da provincia que teñen unha tasa de emigración neta máis baixa, entre os 67 concellos integrantes da provincia.

Para relativizar un pouco ese dato, bon é reconecer que a provincia de Lugo foi a que tivo o maior saldo emigratorio das catorce galegas nese período e que hai fondas diferencias internas no conxunto chairego, variando as tasas de emigración neta entre o mínimo do concello de Vilalba (cun 4,6%) e o máximo de A Pastoriza (63,6%), concello no que a emigración neta afectou, xa que logo, a dous de cada tres habitantes de 1900 nos dous tercios de séculos considerados.

Clasificados os concellos chairegos de menor a maior tasa de emigración neta de 1900 a 1963, resulta esta lista: Vilalba, Abadín, Xermade, Cospeito, Castro de Rei, Guitiriz, Outeiro de Rei, Begonte, Rábade e A Pastoriza.

Na primeira década do século XX, o saldo neto migratorio foi especialmente forte, chegando a 3.668 persoas no partido xudicial de Vilalba. A fonda reperCUSIÓN que terá lugar na estrutura demográfica manifestase cunha ollada ás pirámides de poboación de 1900 e 1910 do concello vilalbés, nas que é visibel unha creba nos



Manuel Ferri

Terra Cha foi terra de emigrantes

grupos de idade más afectados polo fenómeno migratorio, que son precisamente os que forman o grupo más novo da poboación económica activa.

### O labor benéfico-social dos emigrados

Os emigrantes chairegos deste tempo formaron nos lugares de destino sociedades de apoio mutuo e colaboraron notablemente coa súa terra de orixe; ben paga a pena que lle adiquemos un epígrafe a este labor assistencial.

Nomes como o Centro Villalbés de Buenos Aires, Sociedad Progreso de Lanzós, Liga Santabalesa de Educación e Instrucción ou a Unión Villalbesa de La Habana nos lembran ese poderoso fenómeno asociativo dos nosos emigrantes en Sudamérica.

Na Terra Cha quedan ben mostras do labor social desenvolvido polos emigrantes desta bisbarra. Preocupación fundamental tiveron pola elevación do nivel cultural dos que quedaban na terra e para iso fundaron moitas escolas; en moitas delas pódese ainda ler na inscripción da entrada o nome da sociedade que a erixiu. Lanzós, Santaballa, Goiriz, etc., dan fe da consecución, via emigrados, dun servizo público que o Estado non aseguraba.

Antón Costa adica un capítulo do seu libro "Escolas e mestres" ó estudio destas escolas promovidas polos emigrantes e destaca a boa dotación de medios didácticos e as importantes novidades que introducían nos planes de estudios —como o ensino de idiomas estrangeiros, de contabilidade ou do idioma galego—. Precisamente unha escola vilalbesa fundada polos emigrantes vai se la prima de Galicia na que se estudia o idioma galego; era o ano de 1907.

Vexamos algunas mostras do apoio dos emigrados a outras iniciativas, tomado como referencia o bienio 1930-1931. En 1930 o Centro Villalbés de Buenos Aires edita un libro recollendo os poemas do vilalbés Xosé Chao Lledo, con prólogo de Antonio García Hermida. Nese tempo se edita tamén en Buenos Aires por unha socie-

dade de emigrados un opúsculo de Lois Pena Novo: "Divulgacións. La riqueza de Galicia".

En setembro de 1931 inaugúrase o Hospital-Asilo de Vilalba. Do total recaudado (118.264 Ptas.), máis da 40% procedía de Cuba e Arxentina, destacando moi especialmente Cuba, que triplica a cifra da Arxentina. Os datos figuran nun dos libros publicados por Vicente Otero Caño, home que naceu en Muras, traballou en Cuba ese instalou en Vilalba a volta, con notable protagonismo na súa vida cultural e deportiva.

Tamén en 1931 se funda o Racing Club Villalbés; o seu principal impulsor foi Francisco Roca, que naceu en Outeiro de Rei e se instalou en Vilalba despois do case obligado paso por Cuba. O acordo para conseguilos terrenos necesarios fixouse con Manuel Fraga Bello, tamén "habanero".

A axuda dos emigrantes foi básica para a consolidación de Vilalba no primeiro tercio do século XX como capital chairega cunha importante vida cultura e deportiva. Xurden escritores e músicos, formánsen bandas de música e grupos teatrais e proliferan as publicacións periódicas. Na casa onde naceu un dos principais animadores deste interesante movemento cultural figura unha inscripción na súa memoria que remata así: "La Unión Villalbesa de La Habana le dedica este homenaxe de cariño y admiración" ... outra vez ten que vir de fera o recoñecemento o seu importante labor. Este home chamouse Manuel Mato Vizoso.

Non hai que esquenecer que os emigrantes tamén axudaron os seus paisanos que emigraban, ó traveso da institución benéfica da Quinta, e que axudaban os familiares que aquí quedaban; esta axuda foi fundamental a partir da Lei de Redención Foral de 1926 para permiti-lo acceso maioritario dos labregos galegos á propiedade da terra.

### A emigración de 1960 a 1986

A favorabel conxuntura económica que viviu Europa Occidental despois da II Guerra Mundial, xunto ó efecto do

Plan de Estabilización de 1959, ocasionaron o relanzamento da emigración exterior dende 1960. O forte e polarizado crecemento económico español de 1961 a 1973 fixo que os movementos migratorios interiores fosen moiitísimos maiores que nas décadas anteriores.

O período 1960-1973 é o de máis forte emigración galega de todo o século XX e hai que sulinxar ademais importantes modificacións cualitativas respecto do fenómeno migratorio anterior a 1960. A emigración xá non ten carácter definitivo na súa maioría, o destino fundamental da emigración exterior desplázase de Sudamérica a Europa e colle un gran pulo a emigración interior —con Madrid, Barcelona e Bilbao como principais cidades de destino fóra de Galicia—; a barreira idiomática érguese como un factor máis que pon trabas á integración no país de destino e prácticamente se extinguía a preocupación "filantrópica" dos emigrantes de etapas anteriores.

Tamén na Terra Cha o fenómeno migratorio foi moi importante neste tempo; chega con decatarse de que na década 1961-1970 o crecemento natural medio da poboación chairega foi dun 5,5% e ainda así a poboación baixou en 12.000 habitantes. A emigración neta é a causa explicativa.

O forte proceso migratorio citado vai rematar prácticamente a nivel galego coa fonda crise económica que comeza a finais de 1973 a nivel mundial e o conseguinte retorno de emigrantes. Para precisala realidade cuantitativa deste bloqueo da emigración galega chega con olla os dous últimos Censos de Población: 9 de 1970 e o de 1981. A taxa migratoria neta da década foi tan só dun 0,4%, sinal crara do estancamiento da emigración, que se fai máis nítida se se ten en conta que os primeiros anos da década ainda o proceso emigratorio era forte.

Ese estancamiento da migración non se da, en troques, a Terra Cha neste período de 1970 a 1981, xa que acada unha taxa migratoria neta do 6,75%, que supera dezaseis veces á media galega dese tempo e dobrá á media da provincia en que esa taxa migratoria foi maior. Afondando algo máis, sobrancean tamén as importantes diferencias internas, que van do 17% no de Xermade de perda de poboación até a gañanza de poboación do 0,7% no de Rábade —único concello chairego no que as inmigracións superaron ás emigracións—. No "ranking" de maior taxa migratoria seguén a Xermade os concellos de Guitiriz, Begonte, Abadín, Cospeito, A Pastoriza, Vilalba, Castro de Rei e Outeiro de Rei (posto este orde). Resumindo, a Terra Cha perde nesta década a consecuencia do fenómeno migratorio case 7 habitantes por cada cen que tiña en 1970.

Lóxicamente non hai demografía que ature unha emigración tan forte sen se resistir nas súas tasas de crecemento de poboación, e así a poboación baixou para o período 1960-1986 en nove dos dez municipios chairegos (a excepción foi Rábade) e para o conxunto da Terra Cha baixou de 78.401 a 60.809 habitantes nese cuarto de século. Ven a supoñer demográficamente como se desapareceu o maior concello chairego nese tempo —Vilalba, que en 1986 non chega ós 17.000 habitantes— e en termos relativos supón perder un 23% de poboación nunha década... na que o

total da poboación galega aumentou.

Como consecuencia, o peso demográfico da Terra Cha pasou respecto do total galego de ser un 3% en 1960 a só un 2,2% en 1986, o que representa un descenso do 27% en só un cuarto de século. De seguir así e mellor inscribir nalgún lugar da Chaira algo así como: "O último que peche a porta".

#### Remate

O altísimo valor relativo da emigración neta da Terra Cha no último cuarto de século ben merece unha reflexión, porque é un bon indicativo da necesidade de artellar e instrumentar un proceso de desenrollo económico-social que permita asegurar no futuro o traballo na súa terra ós actuais emigrados chairegos e ós mozos e mozas que nos anos vinteirose se irán incorporando á vida económica activa.

Porque, nos goste ou non, a Terra Cha ainda é hoxe unha das comarcas económicamente más deprimidas de toda Galicia —que a súa vez ten un notabel atraso económico respecto do nivel de desenvolvemento económico do Estado e da Europa Occidental no seu conxunto—. Nun interesante traballo publicado en 1980, Claudio López Garrido estableceu unha xerarquización das bisbarras galegas asegúrnos o seu nivel de depresión socioeconómica; a Terra Cha ocupou o carta postio nese triste ranking dos económicamente más deprimidos, entre as 14 comarcas en que se dividía Galicia. Por riba quedaron tan só Verín, a Montaña de Lugo e o Barco de Valdeorras.

E se algúen quere rematar coa emigración, que non confunde causa con efecto, pois erraría no diagnóstico. Tendo á vista o importante atraso económico relativo da Terra Cha, non parece que a causa fundamental da súa forte emigración sea outra. E morto o can do atraso económico, rematará a rabia da emigración.

Mentras, recitemos aqueles versos de outro poeta de Outeiro de Rei, Pepe da Costa, que díñ:

*O galego que se marcha  
dame mágoa e compasión.  
¡Malégo a esa inxusticia  
que se chama emigración!*

#### Bibliografía

Dado o carácter periodístico do traballo, non figuraran notas bibliográficas, pero sí quero facer constar que para a súa elaboración me foron de especial utilidade as seguintes publicacións:

—Beiras Torrado, X. Manuel, *Estructura y problemas de la población gallega*. Edita Banco de Noroeste, 1970.

—Centro de Información Estadística de Galicia, *A poboación de Galicia. Proxeccións*. Edita Xunta de Galicia, 1987.

—López Garrido, Claudio. *Aproximación á depresión socioeconómica na comarcalización oficial agraria de Galicia*, Revista Galega de Estudios Agrarios número 3. Edita Xunta de Galicia, 1980.

—López Taboada, Xosé Antonio, *Economía y Población en Galicia*. Editacións do Rueiro, 1979.

—Otero Cao, Vicente, *Villalba y su jurisdicción*, volumen II. Edita Celta, 1963.

—Sánchez López, Francisco, *Movimientos migratorios de Galicia, 1967*.

—Villares Paz, Ramón, *Historia de Galiza. Proyecto Experimental de Ciencias Sociales de Galiza*. Edita Santillana, 1980.

## Propuesta de Carlos Varela para la recuperación de espacios urbanos

# El PSG-EG quiere que la plaza de Santa Ana sea un lugar para el ocio

El Partido Socialista Galego-Esquerra Galega ha hecho un llamamiento al Ayuntamiento en pro de la recuperación de espacios urbanos para el descanso de los vecinos de Chantada. Por medio de una moción presentada por el concejal Carlos Varela García, los nacionalistas solicitan la recuperación urbanística de la plaza de Santa Ana.

#### Chantada Delegación

La propuesta nacionalista ha sido presentada teniendo en cuenta las obras que se llevan a cabo para la dotación de aceras en esta plaza. Esta tarea, que Carlos Varela considera "necesaria", puede ser replanteada, según el edil del PSG-EG "en beneficio da recuperación urbanística da chamada 'plazuela', conseguindo unha auténtica e bonita praza de Santa Ana con escaso custo económico".

"De seren certos os datos apuntados", agrega la moción nacionalista, "con aproximadamente a décima parte do programa de renovación e dotación de aceiras, sería posible converter a calzada lateral da marxe esquerda da N-540 (dirección Ourense) nun curto pero ancho e atractivo paseo".

En este paseo, según Carlos Varela, podría colocarse el mismo tipo de pavimento decorativo que se está instalando estos días en las aceras de la plaza, unos bancos públicos "...os mesmos que hoxe están nas aceiras centrais"—, media docena de

árboles, una "pequena e necesaria fonte vertical para beber, que sería a única que deste estilo tería Chantada, e mesmo as correspondentes terrazas que os establecementos hosteleiros lleves puidesen interesar e tan demandadas se fan tódolos veráns".

De esta forma, añade la propuesta, "os cidadáns gañaríamos un espacio público para o lecer". Señala Carlos Varela que los primeros inconvenientes que se pueden advertir "non deben ser de maneira algúna obstáculo para emprender a obra". Entre estos inconvenientes, el concejal nacionalista alude a la parada de taxis, de la que dice que no tendría por qué ser eliminada.

Carlos Varela reconoce que se eliminarían unos cuantos espacios para aparcar, pero esto "non debe ser problema, tendo en conta a clara supremacia do peón sobre o automóvil, que debe dirixir sempre as actuacións municipais, e a fortuna de non ser o do aparcamiento un problema ainda para Chantada".

Con esta solución, que Carlos Varela solicita al alcalde



La plaza está estos días en obras

que se plantee en Pleno, se encontro, o paseo ou a tertulia, evitaria la carencia que, a su juicio, existe de "unha auténtica praza axeitada para o

encontro, o paseo ou a tertulia, algo así como foi no seu día o Cantón e logo a praza de Santa Ana".

## Ferreira de Pantón

### La banda de Sober ofrece a las monjas de clausura canciones de los "Beatles"

Las monjas de clausura que habitan el monasterio cisterciense de Ferreira de Pantón tendrán hoy la oportunidad de escuchar música clásica y popular, incluidas canciones de los "Beatles", en la capilla donde habitualmente realizan sus oraciones.

#### Pantón Delegación

Las religiosas, tras haberlo pensado detenidamente durante unas semanas, han decidido aceptar la invitación de la Banda de Música de Sober, que hoy tocará en la capilla del monasterio cisterciense. Se trata del primer concierto de estas características que se celebra en esta construcción religiosa, que data del siglo X.

Los músicos, que dirige Nicanor Domínguez Cid, pretenden, de esta forma, hacer un homenaje a las monjas bernardas, con motivo del día de su patrono. Otro de los motivos será el que este año se cumplen cien años desde que la congregación religiosa habita este monasterio lucense.

#### Misa previa

Los actos se iniciarán con

una misa, que estará acompañada de un cuarteto de clarinetes de la colectividad musical. Finalizados los actos litúrgicos, la Banda de Música de Sober ofrecerá un concierto en el que, junto a piezas clásicas y tradicionales gallegas, interpretará canciones de los "Beatles" e incluso Glenn Miller.

Un miembro de la Banda de Música de Sober indicó que durante el concierto de hoy tocarán "temas que no sean muy pachangueros, canciones idóneas para el lugar, música formal". El repertorio que interpretarán esta mañana todavía no ha sido decidido por el director de la agrupación musical, aunque la misma fuente indicó que, por ejemplo, el conocido "Yesterday", del que existe una versión de la Filarmónica Orchestra de Londres, de los "Beatles", "no estaría mal".

## Monterroso

### Las jornadas culturales durarán todo septiembre

#### Monterroso Victor L. Villarabid

La delegación municipal de Cultura de Monterroso y la asociación cultural "Falcatrueiros" organizarán para este año unas jornadas culturales, que en esta ocasión se celebrarán bajo la denominación "Septiembre Cultural", ya que de tener lugar en una semana pasarán a todos los fines de semana del próximo mes.

Según manifestó a este periódico la concejala delegada y presidenta de la asociación "Falcatrueiros", María Asunción Pérez Vázquez, el presupuesto de estas jornadas supera el millón de pesetas. Se espera que aumente la participación, al reservarse las programaciones para los fines de semana, en que hay más gente en el municipio.

Aunque todavía no se ha decidido la totalidad de las fechas en que tendrán lugar las distintas actividades, si se sabe que habrá un concierto de música clásica y actuaciones de los grupos "Falcatruiña", de títeres, y "Ancora de Ouro", de mimo. También está prevista la actuación de un conocido grupo de folk.

El último sábado del mes tendrá lugar una nueva edición de la xuntanza de grupos de

baile regional, en la que ya se ha confirmado la presencia de una agrupación de Santiago de Compostela, otra de Xove y una más de Portugal, con lo cual, según señala María Asunción Pérez Vázquez, "internacionalizaremos esta xuntanza, que ya en las ediciones anteriores había resultado un gran éxito".

También se celebrará, una vez más, la carrera de karting. Precisamente la última prueba del Campeonato de Galicia será ésa que se dispute en Monterroso. Pero no será la única actividad deportiva encuadrada en este "Septiembre Cultural", pues, igualmente, se llevará a cabo la quinta edición del maratón popular de la localidad.

El día 29, ya dentro de la programación de las fiestas patronales de San Miguel, actuará la Escuela de Danza de Monterroso.

El patrocinio de estas jornadas corre a cargo del Ayuntamiento, la Consellería de Cultura e Xuventude, Secretaría Xeral para o Deporte y la Diputación Provincial de Lugo.

Están previstos otra serie de actos, sobre los cuales se está esperando confirmación, si bien se sabe ya que habrá una jornada que se dedicará íntegramente a los más pequeños del municipio.